

**BOLSAS DE FORMACIÓN DE PERSOAS EXPERTAS EN COOPERACIÓN  
INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO  
Orde do 24 de abril de 2018 (DOG do 21.05.2018)**

**AVALIACIÓN PROVISIONAL DOS MÉRITOS**

En cumprimento do disposto na base oitava, apartados primeiro e segundo da Orde do 24 de abril de 2018 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede a súa convocatoria para o ano 2018, unha vez finalizado o proceso de avaliación dos méritos das persoas solicitantes, a comisión de valoración fai pública, como anexo a esta resolución, na páxina web <https://cooperacion.xunta.gal/> a listaxe de puntuacións provisionais, por orde de puntuación, abríndose un prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte á data de publicación desta listaxe, para a realización de reclamacións e consultas sobre ela.

As reclamacións ou consultas remitiranse necesariamente por correo electrónico ao secretario da comisión avaliadora, ao seguinte enderezo: [guillermo.otero.pineiro-maseda@xunta.gal](mailto:guillermo.otero.pineiro-maseda@xunta.gal)

**A data límite para o envío das reclamacións sobre a listaxe provisional é o xoves 19 de xullo.**

De acordo co disposto no apartado segundo da dita base oitava da Orde de convocatoria, logo de resolverse as reclamacións, publicarase na páxina web a listaxe definitiva coa puntuación obtida na primeira fase e convocaranse aos 18 aspirantes coa maior puntuación na valoración dos méritos a unha entrevista persoal, indicando a data e a hora de realización dela.

As horas das entrevistas serán fixadas no momento da publicación da listaxe definitiva de valoración dos méritos das persoas aspirantes.

Infórmase que está prevista a realización das **entrevistas** persoais en Santiago de Compostela **os días 26 e 27 de xullo.**

Documento asinado electronicamente

A presidenta da comisión de valoración  
Pilar Romero Rodríguez

